

Para cando a inauguración do CEIP de Cervo?

Son Diego Fernández, pai dun neno de 4 anos alumno do colexio de Cervo, e concelleiro do BNG.

Moito ten chovido en Cervo desde aquel 10 de setembro pasado cando Carmen Pomar, Conselleira de Educación, aseguraba que *"non hai ningún centro en Galicia no que se vaia retrasar o inicio das clases a causa das obras"*. Ou insistía en que *"garantimos que as aulas están listas para que os escolares inicien as clases"*. Ou teimaba que *"todo está preparado para que comecen as clases, e na medida do posible, convivan cos últimos retoques porque vaise realizar fora do horario lectivo e non van interferir para nada na actividade escolar"*. Así poderíamos seguir parafraseando á Conselleira Pomar ou á Delegada Territorial de Educación, Mariña Gueimunde, até encher folios e folios de mentiras e acusacións dirixidas ás familias do alumnado do CEIP de Cervo. Mais o de informar debidamente á comunidade escolar e procurar solucións ao problema... iso non vai con elas nin co seu partido. Igualiño ca o alcalde de Cervo, Alfonso Villares, desaparecido do mapa neste tema. Villares leva todo este tempo amosando unha pasividade e un desleixo verdadeiramente abraiante ante este tema de capital importancia. É a del unha actitude totalmente censurable.

Hoxe, 21 de novembro, dous meses despois daquel inicio do ano escolar que todas as nais e pais coñecemos, observamos que o cole de Cervo segue a ter unhas grandes deficiencias. Por exemplo, non hai biblioteca nin ximnasio. O que si segue habendo son filtracións de auga e espazos do colexio que non son accesibles para o alumnado porque están ocupados co material das obras. A cancela de entrada do colexio non existe, e no seu lugar hai uns valos de obras. E a enumeración de deficiencias podería seguir, porque hai ben delas.

Ademais, cómpre alertar de que as obras SI se están a levar a cabo en horario lectivo, provocando as correspondentes molestias ao alumnado e profesorado que están nas clases (ruídos de martelos pneumáticos ou

trades, golpes de martelo, balbordo propio dun edificio en construción e non dun centro educativo).

Dous meses. Dous meses van dende o inicio das clases e ninguén da Consellería de Educación nin do Concello de Cervo da a cara.

Todos e todas sabemos que neste ano escolar aínda non rematarán as obras. Enganaron a todo o mundo.

Despois de todo este tempo de aguantar insultos, mentiras, incumprimentos e silencios de quen nos debería estar pedindo desculpas (ou cando menos darnos ás nais, pais e alumnado, explicacións do sucedido), eu como pai afectado reclamo a petición de dimisión da Conselleira de Educación, Carmen Pomar, e da Delegada Territorial de Educación, Mariña Gueimunde, pola nefasta xestión deste problema do que sempre foron conscientes. O único que descoñezo é se tamén foron conscientes ou non da escandalosa e vergoñenta bochornosa xestión. Tamén censuro abertamente a actitude negligente de despreocupación e inacción do alcalde de Cervo, Alfonso Villares. O colexio de Cervo só lle interesa para sacar rédito político en campaña electoral.

Conselleira de Educación, Delegada Territorial, Alcalde de Cervo: teremos que agardar até a vindeira cita electoral para a inauguración do colexio de Cervo?